



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN +34 PARA Á ATENCIÓN DAS PERSOAS GALEGAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE PRIVACIÓN DE LIBERTADE NO EXTERIOR E ESPECIAL NECESIDADE.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, de 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Fundación +34**, representada neste acto polo director D. Francisco Javier Casado Martín, nomeado polo acordo do Padroado da Fundación, con poder dabondo para comprometerse neste acto consonte ao establecido nos estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden suscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e coas persoas físicas ou as xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réximen xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.





SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, da estrutura orgánica dos órganos superiores e da dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias na materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas da emigración e o retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e os foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- A Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (OACNUDH) ten denunciado unha preocupante situación de morte e violencia nas cárceres de determinados países, situación reafirmada no Informe do Comité Europeo para a prevención da tortura do Consello Europeo, no que se censura ás prisións de diversos países por inhumanas.

Por outra parte, o Valedor do Pobo do Estado español ten solicitado ás administracións competentes que se atenda ás persoas que se atopan en grave risco por estar en situación de privación de liberdade en países nos que non se asegure unhas condicións de respecto dos niveis mínimos dos dereitos humanos para estes colectivos.

Esta situación reflicte un patrón alarmante en determinados países de Iberoamérica e Portugal nos que as deficiencias dos sistemas xurídicos e penitenciarios ocasionan graves situacións ás persoas que se ven sometidas a condicións precarias de detención, de violencia nas cárceres e precariedade, incluíndo a falta de acceso a servizos básicos, tales coma o espazo, a auga potable, os alimentos, a atención médica ou xurídica e a falta dos estándares básicos de saneamento e hixiene.

Outros problemas cos que se atopa este colectivo son os da dificultade de resolver a súa situación xurídica que posibilite a súa repatriación para o cumprimento de condenas en España ou os da soidade e a falta de noticias da súa terra e en algúns casos, das súas familias, dado que se atopan en situación de desaparición “voluntaria”, para evitar que os seus familiares e os seus achegados coñezan o seu estado.

CUARTO.- Do colectivo de persoas de nacionalidade española en situación de privación de liberdade en terceiros países, 34 son galegas, das que 11 están recluídas e cumpren condena en Arxentina, Brasil, Colombia, México, Perú, República Dominicana e Portugal, na súa maioría deles vivindo en situación extrema.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar con entidades públicas ou privadas para favorecer as condicións físicas e psicolóxicas destas persoas nos países onde a situación é máis deficiente.





QUINTO.- A Fundación +34 é unha organización privada, de natureza fundacional, de carácter social e benéfica sen ánimo de lucro, e entre os seus fins se atopa a axuda humanitaria e defensa dos dereitos dos presos españois no estranxeiro así como a axuda aos españois en situación de desamparo e abandono.

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio ao colectivo dos emigrantes galegos recluídos, residentes nas cárceres de Iberoamérica-e Portugal, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación +34, para contribuír na mellora da situación das persoas galegas que se atopan en situación de especial necesidade por causa de privación de liberdade no exterior.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias deste programa as persoas de nacionalidade española con orixe e vinculación con Galicia, que se atopan en cárceres de terceiros países en condicións que non se lles garante o cumprimento dos dereitos humanos máis elementais.



TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de **seis mil euros (6.000 €)**.

A contía da achega está destinada a sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio que se indican na cláusula oitava.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **catro mil oitocentos (4.800€)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O importe restante, librarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2019.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte información:



- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións executadas ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade (facendo constar para cada actuación, o persoal que a realiza, datas de execución, países, prestacións, beneficiarios atendidos, ...).

- Relación clasificada dos gastos polas actividades e dos servizos prestados segundo o país no que se executen, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación (os gastos de persoal xustificáranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada un desempeña).


Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Relación das persoas beneficiarias atendidas con cargo a este convenio pola Fundación +34. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe dos beneficiarios, así coma a data, país e tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do presente convenio e para a tramitación de cada pagamento, a Fundación presentará as seguintes declaracións:





- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OCTAVA.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A **Fundación +34** asegurará a realización das prestacións establecidas no presente convenio, para o que se compromete a:

- Dispoñer do persoal especializado e do material necesario para o seu correcto funcionamento.

- Desenvolver o programa de actuacións obxecto do convenio nos termos establecidos nel, e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre as accións e resultados sociais desta iniciativa.





- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio

NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente das subvencións ou das axudas outorgadas por outras administracións ou os entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa da resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

[Handwritten signature]



a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.


Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións e polo





carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2019, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2019.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN,



Antonio Rodríguez Miranda

O DIRECTOR DA FUNDACIÓN +34,

Francisco Javier Casado Martín